



**D. JOSÉ ANTONIO CARRO ASOREY, SECRETARIO TITULAR DO
CONCELLO DE SARRIA, NA PROVINCIA DE LUGO.-**

CERTIFICA: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día trece de Xaneiro de dous mil dez adoptou, entroutros, o seguinte acordo:

**12.- EXECUCIÓN SENTENCIA RECAÍDA EN RECURSO
CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO 126/2.005, INTERPOSTO POR
"ASOCIACIÓN DE ESTACIONES DE SERVICIO DE LUGO" CONTRA
"INVERSIONES SARRIANAS, S.L" E "VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U".-**

Dase conta da providencia dictada en data 18/12/09 polo **XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE LUGO**, relativa a sentencia recaída no recurso nº 2005-126-R interposto por *DNA. OLIVA RODRÍGUEZ PONTÓN E OUTROS, E A ASOCIACIÓN DE ESTACIONES DE SERVICIO DE LUGO*, contra o *CONCELLO DE SARRIA, "INVERSIONES SARRIANAS, S.L" e "VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U"*, pola concesión de licencia solicitada por *"INVERSIONES SARRIANAS, S.L"* para proceder á instalación de Estación de Servizo na rúa Matías López.

Na referida providencia expone:

"Dada cuenta; formada la presente pieza separada de ejecución forzosa y registrada con el número 158/2009-R, instada por la representación procesal de la Asociación Provincial de Estaciones de Servicio de Lugo, librese oficio al Ayuntamiento de Sarria adjuntándole copia del escrito instando la ejecución y requiriéndole para que el improrrogable plazo de VEINTE DÍAS formule alegaciones a la solicitud de ejecución promovida y ponga en conocimiento de este Juzgado los siguientes extremos:

a) Procedimiento seguido para la ejecución de la sentencia número 30/2007, dictada el día 29/01/2007 por este Juzgado y medidas que han sido adoptadas hasta la fecha.

b) Órgano administrativo que ha de responsabilizarse de realizar las actuaciones.

c) Plazo que se prevé para su total y exacto cumplimiento."

Dado que a sentencia recaída en data 29/01/07 no recurso nº 126/2005 é firme, deberase de levar a efecto, practicándose o que esixe o cumprimento das declaracións contidas no fallo; polo que, en consecuencia, en votación ordinaria por



unanimidade, procédese á adopción do seguinte acordo en execución da mencionada sentenza:

1.- Requerir a "**INVERSIONES SARRIANAS, S.L**", para que, no prazo máximo de quince días, proceda ó cese e desmantelamento da actividade que se está a desenvolver de Estación de Servizo na rúa Matías López, s/n, do que se deixa feito referencia na sentenza, e coa advertencia de que, de non facelo ou de non levar a cabo as obras necesarias de desmontaxe da actividade a ritmo normal, esta Administración levaraa a efecto, pasándolle ó obrigado o cargo correspondente.

2.- Dar traslado do presente acordo ó Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo e ó Gabinete Xurídico da Excm. Deputación Provincial, ós efectos oportunos.

3.- Notifica-lo presente acordo a tódolos interesados no expediente.

E para que conste e surta os efectos oportunos, coa prevención do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Sarria, a quince de Xaneiro de dous mil dez.

Visto e praxe
O Alcalde,

